



Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia

DIRECTRIZ 1007.1

Regulamento da colexiación de honra



Esta obra está baixo unha licenza de Creative Commons (BY-NC-SA)
<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0>

CONTIDO

1	DISPOSICIÓN XERAIS.....	3
	Artigo 1: Obxecto.....	3
	Artigo 2: Límites.....	3
	Artigo 3: Natureza.....	3
2	EXPEDIENTE DE CONCESIÓN.....	3
	Artigo 4: Necesidade de previo expediente.....	3
	Artigo 5: Iniciación do expediente.....	4
	Artigo 6: Instrucción.....	4
	Artigo 7: Finalización do expediente.....	4
	Artigo 8: Acto de nomeamento.....	5
3	Data de aprobación e entrada en vigor.....	5

1 DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1: Obxecto

O Obxecto deste regulamento é o de establecer o procedemento mediante o cal se concederá a distinción de Membro Colexiado de Honra recollida no apartado 3 do artigo 4 dos estatutos do CPEIG.

Artigo 2: Límites

Non poderá concederse a distinción de Membro Colexiado de Honra a membros da Xunta de Goberno, en tanto que se atopen no exercicio do seu cargo.

Artigo 3: Natureza

A distinción de Membro Colexiado de Honra carece de carácter administrativo e económico. Será meramente honorífico e non otorgará ningún dos dereitos nin obrigas dos membros colexiados de número.

2 EXPEDIENTE DE CONCESIÓN

Artigo 4: Necesidade de previo expediente

Para a concesión da distinción será necesaria a tramitación dun expediente no que deberán quedar acreditados e debidamente xustificadas os méritos contraídos e a súa importancia para o colexio ou a profesión.

O expediente tramitarase conforme á normativa vixente en materia de procedemento administrativo coas particularidades que se relacionan a continuación.

Artigo 5: Iniciación do expediente

O expediente iniciarase mediante acordo da Xunta de Goberno a proposta do Presidente ou da metade dos membros da Xunta de Goberno. A proposta deberá conter o nome completo da persoa candidata e a xustificación dos merecementos que a avalan fundamentados en feitos concretos e proporcionais á importancia da distinción.

Tamén poderá solicitarse a iniciación do expediente mediante escrito dirixido á Xunta de Goberno e suscrito por un número de membros colexiados non inferior ao 5% do total do censo. Neste caso, a Xunta de Goberno deberá iniciar o expediente sempre que cumpla cos requisitos indicados no parágrafo anterior.

A instrución do expediente corresponderalle á secretaría do colexio, salvo que no acordo de iniciación do expediente a Xunta de Goberno decida nomear a outra persoa.

Artigo 6: Instrucción

A persoa que realice a instrucción practicará todas as informacións, probas e dilixencias que estime convenientes para aquilatar os merecementos da persoa candidata, debendo deixar constancia de cantos servizos, feitos ou actuacións motiven a concesión da distinción.

Unha vez recabados os méritos da persoa candidata, deberase notificar aos membros colexiados a iniciación do expediente dándolles acceso ao mesmo por vía electrónica para que poidan adherirse á mesma no prazo dun mes.

Unha vez rematado o prazo de adhesións, a persoa instructora dará traslado do expediente á Xunta de Goberno.

Artigo 7: Finalización do expediente

A Xunta de Goberno comprobará que o número de adhesións recibidas sexa superior ao 5% do total do censo antes de decidir a inclusión dun punto na orde do día da seguinte Asemblea na que se proceda á votación da candidatura.

No caso de que a candidatura non conte co número mínimo de adhesións a Xunta de Goberno decidirá se continúa adiante coa candidatura ou procede ao arquivo do expediente sin conceder a distinción. En caso de continuar adiante sen o número mínimo de adhesións deberá comunicarse este extremo a todos os membros colexiados.

A votación da candidatura na Asemblea será segreda e en urna mediante papeleta normalizada, non permitíndose o voto delegado nin por correo.

Requirirase o voto favorable das dúas terceiras partes dos votos emitidos para a concesión da distinción de Colexiado de Honra.

Artigo 8: Acto de nomeamento

A nomeamento como membro colexiado de honra realizarase en acto oficial no que se fará entrega do distintivo da profesión á persoa galardonada.

3 DATA DE APROBACIÓN E ENTRADA EN VIGOR

A presente directriz entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Asemblea Xeral.

O secretario

Juan José González Cid

Visto e prace
O presidente

Fernando Suárez Lorenzo